


VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE DE ZONA  
5 MAIO 2 006




(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

ACTIVIDADE Nº 1  
"Agapemós"

Un triminó está formado por 3 cadradiños idénticos cun lado enteiro en común. Hai un que ten forma de L.




Se unimos dous triminós en forma de L entre sí cantas pezas distintas podemos formar. ¡Olló! A peza é a mesma se ó xiralala ou darlle a volta sae a mesma figura.




¿Cantas pezas unindo dous destes triminós que compartan como mínimo un dos lados do cadradiño podes formar? Debuxa tódalas que poidas na seguinte trama cadrada.

<p>VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO FASE DE ZONA 5 MAIO 2 006</p>	<p>(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)</p>
--	---



<p>VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO FASE DE ZONA 5 MAIO 2 006</p>	<p>(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)</p>
--	---




<b>VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO</b> <b>FASE DE ZONA</b> <b>5 MAIO 2 006</b>	(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)
--	---

**ACTIVIDADE Nº 2**  
**"Un marco cadrado"**

Antonio estaba xoguetando cun dominó de fraccións, do que tiña enriba da mesa só catorce fichas. O resto, ata vinteito que teñen normalmente os dominós, eran cousa de Manuel, seu neto de dous anos que de números aínda non sabe moito, pero que os apilaba no chan da habitación aínda que, seguramente, lle iba tocar recollelos ao avó.

Xogando, xogando... Antonio observou que coas catorce fichas podía facer un marco cadrado (que tampouco se pode dicir que a cousa tivera moita dificultade) pero o que máis chamou a súa atención foi que, enlazadas as catorce fichas, cada fracción coincidía coa súa expresión decimal correspondente.

Tendo en conta que as dúas primeiras fichas que tiña postas son as que levan os números que aparecen no cadro, tentade colocar o resto das fichas para que se forme o cadro feito polo avó desocupado.

$\frac{1}{2}$	0,75	$\frac{3}{4}$	0,6				
							

$\frac{6}{20}$	0,35
----------------	------

$\frac{3}{4}$	0,6
---------------	-----

$\frac{3}{20}$	0,4
----------------	-----

$\frac{2}{5}$	1,2
---------------	-----

$\frac{1}{4}$	0,7
---------------	-----

$\frac{7}{10}$	0,3
----------------	-----

$\frac{3}{5}$	0,8
---------------	-----

$\frac{7}{20}$	0,16
----------------	------

$\frac{29}{25}$	1,5
-----------------	-----

$\frac{4}{5}$	0,25
---------------	------

$\frac{3}{2}$	0,5
---------------	-----

$\frac{6}{5}$	1,16
---------------	------

$\frac{4}{25}$	0,15
----------------	------

$\frac{1}{2}$	0,75
---------------	------

VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE DE ZONA  
5 MAIO 2006

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)


ACTIVIDADE Nº 3  
"A baldosa triangular"


Antón estaba colocando baldosas triangulares no seu baño pero unha delas caeu e rompeu en tres anacos triangulares con cortes perfectamente rectos como se ve na figura.

Sorprendido quedou a mirar para o chan. Quixo aproveitelas xa que andaba escaso de material e colleu as pezas e colocounas encima dunha mesa pero ó xuntalas o que lle saíu foi un paralelogramo.


Aquela baldosa non se ía rir del. Chiscou o ollo dereito e remangouse. Aí estaba o triángulo de novo pero non ... ¡aquel era un triángulo isósceles!

E agora tócvos a vós. Tentade facer os polígonos convexos distintos que poidades coas tres pezas dunha baldosa. Recortade as plantillas e pegade as figuras formadas noutra folla.










VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE DE ZONA  
5 MAIO 2006

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 4  
"A receita de cociña"

Con iso da "nouvelle cuisine" a tía Maripepa da Groba anda toliña e non sae de diante da televisión para ver todos os programas culinarios. A semana pasada colleu a seguinte receita para catro persoas:

- 32 g de manteiga.
- 2 plátanos maduros.
- 16 g de azucre.



Pero na casa da tía María non son catro persoas e ela despois de botar as súas contas colleu 12 g de azucre.

¿Cales son as cantidades dos demais ingredientes?

¿Para cantas persoas será o pastel que fai a tía María?

VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE DE ZONA  
5 MAIO 2006

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 5  
"O quiosco de Chelisa"

Diante do quiosco de Chelisa cambian cromos, segundo o anuncio seguinte:

**CAMBIO DE CROMOS**

4 tazos por cada 3 cromos de futbolistas.

5 cromos de futbolistas por cada 2 cromos de Pokemon

Moncho chegou ó quiosco para cambiar, por tazos, 120 cromos Pokemon que tiña repetidos. ¿Cantos tazos conseguiu?





































<p><b>VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO</b>  <b>FASE DE ZONA</b>  <b>5 MAIO 2006</b></p>	<p>(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)</p>
--	---

**ACTIVIDADE Nº 6**  
**"Sudoku xeométrico"**

Completa este Sudoku: cada unha destas figuras



aparece unha vez soa en cada liña, unha vez soa en cada columna e unha vez soa en cada grupo de nove cadríños.

# SUDOKU GEOMÉTRICO

Facede probas neste e pasádeo a limpo, se o precisades.